



XUNTA DE GALICIA

XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE DE LUGO. SERVIZO DE EMPREGO E ECONOMÍA SOCIAL

Anuncio

CONVENIOS COLECTIVOS

Visto o texto do acordo polo que se aproban as táboas salariais para o ano 2022 en relación ao Convenio Colectivo de Transporte de Mercadorías por Estrada da provincia de Lugo, (Código 27000505011982), asinado o día 15 de febreiro de 2022, pola representación empresarial e da central sindical CC.OO. (66,67%), como membros da comisión negociadora e de conformidade co disposto no artigo 90 apartados 2 e 3 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e no Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos, acordos colectivos de traballo e plans de igualdade ACORDO:

PRIMEIRO: Ordenar a inscrición do citado acordo no rexistro de convenios desta xefatura territorial, así como o seu depósito.

SEGUNDO: Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Lugo, 6 de abril de 2022.- A xefa territorial, Pilar Fernández López.

ACTA DE SINATURA E AUTORIZACIÓN REXISTRO

COMISIÓN NEGOCIADORA

CONVENIO COLECTIVO DE TRANSPORTE DE MERCADORÍAS POR ESTRADA DA PROVINCIA DE LUGO

ASISTENTES

Pola parte empresarial

Asociación de Transportes Discrecionales de Mercancías por Carretera [TRADIME]

JOSÉ MANUEL FLORES CASTRO D.N.I. nº 17.813.752E

JOSÉ FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ D.N.I. nº 33.350.060Z

AMADOR GARCÍA FERNÁNDEZ D.N.I. nº 33.992.368R

JESÚS ANTONIO SUÁREZ OLIVER D.N.I. nº 33.994.257G

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE AGENCIAS DE CARGA COMPLETA

JOSÉ MANUEL ALONSO CASTRO D.N.I. nº 33.854.549K

Pola parte sindical

CC.OO. (66,67%)

MANUEL PAZ FLORES D.N.I. nº 33.850.075D

JOSÉ ANTONIO BRUZOS DÍAZ D.N.I. nº 33.317.073D

GUILLERMO FERNÁNDEZ GONZÁLEZ D.N.I. nº 33.541.354V

MANUEL TRASHORRAS FERREIRO D.N.I. nº 33.306.220N

JOSÉ RAÚL RODRÍGUEZ VILA D.N.I. nº 33.334.079H

En Lugo, sendo as 12.00 horas da data 15 de febreiro do 2022, reúnense na sede da Confederación de Empresarios de Lugo [Pz. Santo Domingo, 6-8, 2º.- Lugo] as persoas ao marxe relacionadas, membros todas elas da Comisión Negociadora do Convenio Colectivo de Transporte de Mercadorías por Estrada da Provincia de Lugo, adoptándose, logo dos debates oportunos, os seguintes

ACORDOS:

PRIMEIRO.- Aprobar a táboa salarial do Convenio Colectivo de Transporte de Mercadorías por Estrada da Provincia de Lugo con vixencia dende o 1 de xaneiro de 2022 ao 31 de decembro de 2022 conforme ao incremento salarial previsto para tal anualidade no artigo 14 do Convenio en vigor, para o que as partes contan coa capacidade legal necesaria e suficiente, segundo se acredita coa Acta de Constitución da Comisión Negociadora.

SEGUNDO.- O importe do ano 2022 do plus de traballo en festivos será de 59,16 euros por cada festivo traballado.

TERCEIRO.- O importe do ano 2022 do complemento persoal de idiomas será de 140,88 euros mensuais.

CUARTO.- O importe do ano 2022 do plus de traballo en plataformas loxísticas con cámaras de conxelación previsto no artigo 21 do Convenio será de 89,84 euros mensuais e o importe para o ano 2022 do plus de refrigerado previsto no mesmo artigo será de 29,95 euros mensuais.

QUINTO.- O importe do ano 2022 do plus de quebranto de moneda será de 26,30 euros mensuais.

SEXTO.- Os importes do ano 2022 das axudas de custo serán os que figuran a continuación, sendo exixible o abono de tales importes dende a publicación da presente Acta no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Destacamento:	45,71
España e Portugal:	52,94
Resto de Europa:	65,75

Pola súa banda, o importe do ano 2022 das axudas de custo polo xantar, pola cea e polo almorzón previstas no artigo 23 do Convenio serán de 11,67 euros, 11,67 euros e 3,89 euros, respectivamente (xantar, cea e almorzón), sendo exixible o abono de tales importes dende a publicación da presente Acta no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

SÉTIMO.- Remitir as táboas salariais anexas do Convenio Colectivo de Transporte de Mercadorías por Estrada da Provincia de Lugo á autoridade laboral competente aos oportunos efectos legais.

OCTAVO.- Cumplimentar os datos estadísticos recollidos no modelo Folla Estadística de Convenios Colectivos de Sector.

NOVENO.- Os atrasos aos que haxa lugar como consecuencia dos incrementos do ano 2022 serán aboados aos traballadores dentro dos dous meses seguintes á publicación da presente Acta, e táboa salarial anexa, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

DÉCIMO.- Aos efectos do rexistro e depósito das táboas salariais do Convenio Colectivo de Transporte de Mercadoría por Estrada da Provincia de Lugo con vixencia dende o 1 de xaneiro de 2022 ao 31 de decembro de 2022 autorízase a D^a. Guadalupe Hervera Iglesias, titular do D.N.I. núm. 33.321.188F, responsable de negociación colectiva da Confederación de Empresarios de Lugo, á presentación da solicitude de inscrición correspondente ante o Rexistro da autoridade laboral competente, facilitando todos os datos relativos ás partes asinantes, data de sinatura, ámbito persoal, funcional, territorial e temporal e actividades económicas cubertas e cantos outros sexan necesarios. Do mesmo xeito se lle autoriza a D^a. Guadalupe Hervera Iglesias á presentación, xunto coa solicitude de inscrición, de canta documentación sexa necesaria para a mesma.

E non habendo máis asuntos que tratar, asinan a presente Acta, en proba de conformidade, en lugar e data indicados no encabezamento.

Fdo.: José Manuel Flores Castro	Fdo.: José Fernández Fernández	Fdo.: Amador García Fernández
Fdo.: Jesús A. Suárez Oliver	Fdo.: José M. Alonso Castro	Fdo.: Manuel Paz Flores
Fdo.: José Antonio Bruzos Díaz	Fdo.: Guillermo Fernández González	Fdo.: Manuel Trashorras Ferreiro
Fdo.: José Raúl Rodríguez Vila		

TÁBOA SALARIAL 2022 CONVENIO TRANSPORTE MERCADORÍAS POR ESTRADA

Vixencia: Dende 01/01/2022

	GRUPO	SOLDO	PLUS	RETRIBUC.
POSTO DE TRABALLO	PROF.	BASE	CONVENIO	ANUAL

PERSOAL TÉCNICO SUPERIOR

Subgrupo A

<i>Xefe de Servizo</i>	I	1.555,87	133,74	24.942,93
<i>Inspector principal</i>	I	1.388,39	133,74	22.430,73

Subgrupo B

<i>Enxeñeiro e Licenciado</i>	I	1.381,57	133,74	22.328,43
<i>Enxeñeiro Técnico e Auxiliar Titulado</i>	I	1.156,64	133,74	18.954,48
<i>Axudante Técnico Sanitario</i>	IV	1.073,99	133,74	17.714,73

PERSOAL ADMINISTRATIVO

<i>Xefe de Sección</i>	I	1.191,29	133,74	19.474,23
<i>Xefe de Negociado</i>	I	1.122,96	133,74	18.449,28
<i>Oficial de 1ª</i>	II	1.053,10	133,74	17.401,38
<i>Oficial de 2ª</i>	II	1.023,38	133,74	16.955,58
<i>Auxiliar Administrativo</i>	II	1.023,38	133,74	16.955,58

PERSOAL DE AXENCIAS DE TRANSPORTE

<i>Encargado Xeral</i>	I	1.227,62	133,74	20.019,18
<i>Encargado de Almacén</i>	III	1.181,12	133,74	19.321,68
<i>Capataz</i>	III	1.134,64	133,74	18.624,48
<i>Auxiliar de Almacén e Báscula</i>	III	1.023,38	133,74	16.955,58
<i>Mozo Especializado (día)</i>	III	34,16	133,74	17.147,68
<i>Mozo Carga e Descarga e Reparto (día)</i>	III	34,16	133,74	17.147,68

PERSOAL DE TRANSPORTE DE MERCADORÍAS

	I			
<i>Xefe de Tráfico de 1ª</i>	I	1.227,62	133,74	20.019,18
<i>Xefe de Tráfico de 2ª</i>	III	1.181,12	133,74	19.321,68
<i>Xefe de Tráfico de 3ª</i>	III	1.134,64	133,74	18.624,48
<i>Conductor Mecánico (día)</i>	III	36,72	133,74	18.312,48
<i>Conductor (día)</i>	III	35,80	133,74	17.893,88
<i>Conductor-Repertidor (día)</i>	III	36,72	133,74	18.312,48
<i>Conductor Motocicleta e Furgoneta (día)</i>	III	34,74	133,74	17.411,58

<i>Axudante (día)</i>	III	34,16	133,74	17.147,68
<i>Mozo Especializado (día)</i>	III	34,16	133,74	17.147,68
<i>Mozo (día)</i>	III	34,16	133,74	17.147,68

PERSOAL DE GARAXES E APARCAMENTOS

<i>Encargado Xeral de 1ª</i>	I	1.227,62	133,74	20.019,18
<i>Encargado Xeral de 2ª</i>	I	1.181,13	133,74	19.321,83
<i>Encargado de Almacén</i>	III	1.134,64	133,74	18.624,48
<i>Engraxador-Lavacoches (día)</i>	IV	34,16	133,74	17.147,68
<i>Garda Caixeiro (día)</i>	IV	34,16	133,74	17.147,68
<i>Garda de Noite e Día. Mozo (día)</i>	IV	34,16	133,74	17.147,68

PERSOAL DE ESTACIÓNS DE LAVADO E ENGRASE

<i>Encargado de 1ª</i>	I	1.227,62	133,74	20.019,18
<i>Encargado de 2ª</i>	I	1.181,13	133,74	19.321,83
<i>Engraxador. Mozo de Servicio (día)</i>	IV	31,32	133,74	15.855,48

PERSOAL DE TRANSPORTE DE MOBLES, MUDANZAS E GARDAMOBLES

<i>Xefe de Tráfico</i>	I	1.227,62	133,74	20.019,18
<i>Inspector Visitador</i>	I	1.181,12	133,74	19.321,68
<i>Encargado de almacén gardamobles. Capataz</i>	III	1.134,64	133,74	18.624,48
<i>Mozo Espacilizado (día)</i>	III	34,36	133,74	17.238,68
<i>Mozo (día)</i>	III	34,16	133,74	17.147,68
<i>Carpinteiro (día)</i>	IV	35,41	133,74	17.716,43
<i>Conductor Mecánico (día)</i>	III	36,72	133,74	18.312,48
<i>Conductor (día)</i>	III	35,78	133,74	17.884,78
<i>Conductor Furgoneta e Motocicleta (día)</i>	III	34,74	133,74	17.411,58
<i>Capitonista (día)</i>	III	34,45	133,74	17.279,63

PERSOAL DE TALLERES

<i>Xefe de Taller</i>	I	1.273,12	133,74	20.701,68
<i>Encargado ou Contramestre</i>	I	1.139,82	133,74	18.702,18
<i>Encargado Xeral</i>	I	1.100,22	133,74	18.108,18
<i>Encargado de Almacén</i>	III	1.058,32	133,74	17.479,68
<i>Xefe de Equipo (día)</i>	III	37,23	133,74	18.544,53

<i>Oficial de 1ª (día)</i>	IV	36,28	133,74	18.112,28
<i>Oficial de 2ª (día)</i>	IV	34,74	133,74	17.411,58
<i>Oficial de 3ª. Mozo de Taller (día)</i>	IV	34,16	133,74	17.147,68

PERSOAL DE GRÚAS

<i>Conductor Mecánico (día)</i>	III	47,65	133,74	23.285,63
<i>Conductor Gruísta (día)</i>	III	43,84	133,74	21.552,08
<i>Operador de Grúa (día)</i>	III	40,07	133,74	19.836,73

PERSOAL SUBALTERNO

<i>Cobrador de Facturas, Telefonista, Porteiro e Vixiante</i>	IV	1.037,71	133,74	17.170,53
<i>Limpadora (por horas)</i>	IV	13,65	133,74	7.815,63

R. 0828

Anuncio

Modificación de estatutos

En cumprimento do disposto no artigo 13 do Real decreto 419/2015, de 29 de maio (BOE do 20/06/2015), sobre depósito de estatutos das organizacións sindicais e empresariais, faise público que no correspondente servizo desta xefatura territorial recibíuse documentación da asemblea xeral ordinaria da "ASOCIACION DE COMERCIANTES, EMPRESARIOS, PROFESIONALES Y AUTONOMOS DE CHANTADA-CENTRO COMERCIAL ABIERTO", número de depósito 27000021, que tivo lugar o día 7 de marzo de 2022, onde se reflicte o acordo de modificación dos seus estatutos nos artigos número 4 e 32.

Lugo, 7 de abril de 2022.- A xefa territorial, Pilar Fernández López.

R. 0829

CONCELLOS**BARREIROS***Anuncio***CONVOCATORIA PROCESO SELECTIVO PERSOAL LABORAL TRABALLADOR/A SOCIAL A MEDIA XORNADA**

Pola Xunta de Goberno Local do 28 de marzo de 2022 aprobanse as bases que rexerán a convocatoria do proceso de selección como persoal laboral fixo-indefinido dun/ha Traballador/a Social a media xornada.

Prazo de presentación de instancias: QUINCE DÍAS HABILES (non contan sábados, domingos nin festivos) a contar dende o seguinte ó da publicación deste anuncio (de 9:30 a 14:30 horas, no Rexistro xeral do concello de Barreiros-Rua Vila, 63, 27790, San Cosme de Barreiros), tamen poderán presentarse a través da sede electrónica municipal (barreiros.sedelectronica.es) e tamén se poderán remitir na forma determinada no artigo 16.4 da Lei 39/2015 segundo o establecido nas bases.

Bases da bolsa: publicadas na páxina web do concello www.concellodebarreiros.gal e no Taboleiro de anuncios do concello (físico e sede electrónica).

Barreiros, 7 de abril de 2022.- A alcaldesa, Ana Belen Ermida Igrexas.

R. 0830

O PÁRAMO

Anuncio

Aprobado por Resolución da Alcaldía de data 1/04/2022, o Padrón de contribuíntes do prezo público do servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia, correspondente ao mes de **MARZO** de 2022, polo importe total de **3.322,21€**

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O Páramo, 1 de abril de 2022.- O Alcalde, Jose Luis López López.

R. 0831

POL

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 6 de abril de 2022 aprobouse o Padrón da Taxa pola prestación do Servizo de Abastecemento de Auga correspondente ao terceiro trimestre do ano 2020.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago das taxas, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, para ser examinados e presentadas as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o Alcalde no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria e o no artigo 68.1 b) do Regulamento xeral de recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario o comprendido entre o 27/04/2022 ao 27/06/2022 ámbolos dous inclusive.

Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que non teñan domiciliados os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado ao efecto para que poidan efectuarlo pago en calquera oficina de Abanca ou Caixa Rural. No caso de non recibilos, o contribuínte poderá obter un duplicado nas oficinas municipais, a non recepción non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

A falla de pagamento do canon da auga suporá a esixencia do mesmo directamente pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

A presente publicación, ao amparo do artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, terá os efectos de notificación colectiva das respectivas liquidacións tributarias de cada un dos suxeitos pasivos.

Pol, 6 de abril de 2022.- O Alcalde, Lino Rodríguez Ónega.

R. 0832

VILALBA

Anuncio

Para os efectos do establecido no art. 49 da lei 7/85 do 2 de abril, r/bases réxime local, expónse ó público durante o prazo de **30 días**, as **“Bases do Concurso de Deseño do Cartel das Festas de San Ramón e Santa María 2022”**, que se aprobaron por xunta de goberno local, o día 4/04/2022, có obxecto de que, a partir do mesmo día da súa publicación, xa poidan concorrer ao concurso todas as persoas que o desexen, sen límite de idade.

Ditas bases poden ser consultadas no taboleiro de anuncios da sede electrónica <http://vilalba.sedelectronica.es/board> e na páxina web do Concello de Vilalba <https://www.vilalba.gal/>

Vilalba, 6 de abril do 2022.- A alcaldesa. M^a Elba Veleiro Fernández.

R. 0833

Anuncio

Convocatoria para a adxudicación das **autorizacións administrativas de ocupación e explotación de espazos de dominio público municipal durante a celebración do Festival de Música Independente de Vilalba FIV 2022.**

Por Resolución da alcaldesa de Vilalba **número 193 de 29 de marzo de 2022**, son aprobadas as Bases que rexen a convocatoria pública para as concesións demanais dos espazos de dominio público para instalacións de venda de comidas e bebidas durante a celebración do FIV 2022.

Documentación e información facilitada polo Concello de Vilalba: a partir do día seguinte de publicación no BOP de Lugo do presente anuncio, os interesados terán á súa disposición as Bases que rexen a convocatoria.

Lugar e forma de obtención de información da documentación: no taboleiro de anuncios do Concello de Vilalba e na sede electrónica do Concello de Vilalba (<https://vilalba.sedelectronica.es>)

Presentación de proposicións: no Rexistro Xeral de do Concello de Vilalba ou ou sede electrónica, ou por correo postal nas Oficinas de Correos

Prazo de presentación de proposicións: 2 días hábiles dende a publicación do presente anuncio

Prazo concesional: días 22, 23 e 24 de abril de 2022

Obxecto da concesión:

- Lote 2: Instalación para venda de comidas os días 22 e 23 de abril de 2022 na Praza da Constitución. **Con 7 postos.**

Os interesados poden presentar proposición a un único lote ou a todos os lotes que desexe ata un máximo dos 7 lotes.

Canon concesional:

- Lote 2 (instalación venda de comida): 500,00 € por posto.

Documentación a presentar: sobre pechado con Anexo II debidamente cuberto e plano e fotografías da instalación, montaxe e mobiliario

Referencia do expediente: 889/2022

O que sa fai público para xeral coñecemento.

En Vilalba, 12 de abril de 2022. S. S^a A alcaldesa

Vilalba, 12 de abril de 2022.- A alcaldesa, M^a Elba Veleiro Fernández.

R. 0883

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) – GUITIRIZ

Anuncio

AXUDAS ARI O BURIZ E OS VILARES (1ª FASE)

BDNS (Identif.): 620100

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publíquese o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/620100>)

Primeiro. Beneficiarios:

Persoas físicas ou xurídicas con nacionalidade española ou residencia legal en España que reúnan os requisitos establecidos no artigo 7.2 do Real Decreto 106/2018, do 9 de marzo e que asuman a responsabilidade da execución integral da ARI delimitada pola actuación (ARI parroquias de Buriz e Vilares).

Non poderán ser beneficiarias persoas ou entidades que estén incursoas nalgunha das causas previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e as axudas son incompatibles coas subvencións procedentes do Programa de mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas, do Programa de fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas, do Programa

de fomento do parque de vivenda en alugamento e do Programa de fomento de vivendas para persoas maiores e persoas con discapacidade, do Real Decreto 106/2018, do 9 de marzo.

Segundo. Obxecto:

Axudas en concorrencia competitiva para actuacións previstas nos artigos 36.1; 36.2, 43 e 51 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, para o Programa de fomento da mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas, sempre que se acade unha redución da demanda enerxética, nos termos establecidos no artigo 4 da convocatoria, así como da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas.

Tamén será subvencionable a execución de obras e/ou traballos de mantemento e intervención nas vivendas unifamiliares e nos edificios, mesmo no interior das vivendas, instalacións fixas, equipamento propio e elementos comúns, co fin de adecualos aos estándares previstos pola normativa vixente.

Terceiro. Bases reguladoras:

As bases reguladoras publícanse na sede electrónica <https://concellodeguitiriz.sedelectronica.es>

Cuarto. Contía:

Subvención estatal:

Até o 40% do custo subvencionable da actuación (sen IVE)

Até o 75% do custo subvencionable da actuación se os ingresos da unidade de convivencia son inferiores a 3 veces o IPREM

Até o 75% do custo subvencionable da actuación para mellora da accesibilidade onde vivan persoas con discapacidade ou maiores de 65 anos

Actuación de rehabilitación de vivendas:

Até 12.000 euros por cada vivenda para actuacións de mellora da eficiencia enerxética

Até 8.000 euros por cada vivenda para actuacións de conservación, mellora na seguridade e na accesibilidade

Estas contías son incrementables nos casos de edificios de tipoloxía de residencia colectiva ou de vivendas incluídas no catálogo do PXOM.

Subvención autonómica:

Até 4.000 euros por vivenda sen que poida exceder do 10% do orzamento protexido de rehabilitación da vivenda ou do edificio.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes:

O prazo de presentación será de 2 meses a contar dende o seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria destas bases no Boletín Oficial da Provincia.

Guitiriz, 7 de abril de 2022.- Alcaldesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 0838

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) – XOVE

Anuncio

EXTRACTO DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 2022-0282 DO 5 DE ABRIL DE 2022 POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA DOS PREMIOS DO CONCURSO LITERARIO E DE ARTES PLÁSTICAS DO DIA DAS LETRAS GALEGAS DO ANO 2022

BDNS (Identif.): 619856

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/619856>)

Primeiro. Beneficiarios, requisitos e prazo de presentación de solicitudes de participación.

Poderá participar no concurso e ser beneficiario destes premios calquer/a neno/a ou rapaz/rapaza empadroad/a no Concello de Xove en idade escolar (desde preescolar ata 4º de ESO).

A documentación a presentar será a seguinte:

-Ficha de inscrición establecida ao efecto

A ficha de inscrición deberá presentarse, xunto co/s traballo/s a concursar na Biblioteca Municipal con data límite 9 de maio de 2022; se por cuestións de Covid a Biblioteca pechase ou estivese pechada, a inscrición realizaríase

no despacho do Técnico Municipal de Cultura en horario de oficina (de luns a venres, dende as 7.45 ás 15:15 horas), tamén con data límite de 9 de maio de 2022.

Asímesmo, tamén poderán presentarse ditas instancias no rexistro e oficinas, de acordo co previsto no artigo 66 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Segundo. Obxecto

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento aplicable para o outorgamento dos premios do Concurso Literario e de Artes Plásticas a celebrar para conmemorar o Días das Letras Galegas, organizado polo Concello de Xove.

Terceiro. Bases reguladoras

Pode consultarse a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove na seguinte dirección:

<http://xove.sedelectronica.gal/transparency/58926865-bd2e-46f3-857a-14f57f19f9fd/>

Cuarto. Contía dos premios

Haberá tres premios (primeiro, segundo e terceiro) por curso para cada un dos concursos.

Os premios consistirán en lotes de material escolar cunha valoración de 35 euros. O xurado poderá deixar deserto calquera dos premios, se así o considera oportuno. O orzamento total destinado ao presentes premios poderá ser dividido entre os resto de premios no caso de que algunha categoría quedara deserta co que o importe de cada lote de premios será variable en función do número de premiados.

Os traballos premiados poderán ser utilizados polo Concello na realización de publicacións, promocións ou outros. Neste caso, o Concello estará obrigado a que o nome do autor/a do traballo figure nun lugar visible da publicación.

De acordo co RD 439/2007, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renta das Persoas Físicas, non están suxeitos a retención ningún dos anteriores premios.

XOVE, 7 de abril de 2022.- O ALCALDE.- JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA.

R. 0839

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO – SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

Expediente: A/27/31837

De acordo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 16 de marzo de 2022 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a María Dolores Torres Blanco, la oportuna concesión para aprovechamiento de 0,208 l/s de agua procedente de un manantial sito en el polígono 27 parcela 13, en Cutiños, lugar de Cas de Pedro, parroquia de Santa Cristina de Asma (Santa Cristina), en el término municipal de Carballedo (Lugo) para usos ganaderos y riego de 0,61 ha.

Lugo, 30 de abril de 2022.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 0835

Anuncio

Expediente: A/27/27357

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 3 de marzo de 2022 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a Manuel Bouza Pérez, la oportuna concesión para aprovechamiento de 0,0093 l/s de agua procedente de un manantial, en el lugar de Os Paraxuás, parroquia de San Martiño de Corvelle (San Martiño), en el término municipal de A Pastoriza (Lugo) para usos ganaderos y riego.

Lugo, 30 de abril de 2022.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 0836

*Anuncio***INFORMACIÓN PÚBLICA****A/27/29427**

Manuel José Rodríguez Otero en representación de SAT Revolta N 1421 XUGA, solicita la concesión de un aprovechamiento de 0,427 l/s de agua procedente de dos pozos sitos en el lugar de A Casanova, parroquia de Noche (San Martiño) en el término municipal de Vilalba (Lugo) para usos ganaderos.

La captación se realizará en dos pozos de 87 y 10 m de profundidad, en los que se colocan dos electrobombas gracias a las que se bombean las aguas a dos depósitos de 15.000 l de capacidad desde los que se distribuyen a las a abastecer.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el Ayuntamiento de Vilalba, o en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., sitas en Lugo, Ronda de la Muralla, 131-2ª planta, donde estará de manifiesto el expediente.

Lugo, 7 de abril de 2022.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 0837